



BASES DO SORTEO XI RUTA DE PINCHOS O BARCO VAI DE VIÑOS

1ª.- O Concello do Barco, a Asociación Empresarial de Valdeorras (AEVA) e a Asociación Centro Comercial Aberto (CCA) O Barco organizan a XI Ruta de Pinchos O Barco vai de viños que terá lugar desde o xoves 13 de xaneiro ata o venres 21 de xaneiro de 2022. Na campaña participan un total de dezanove establecementos hostaleiros ofrecendo aos clientes un pincho/tapa polo prezo de dous euros (2,00 €).

A acción de dinamización contempla un SORTEO DE CATRO CEAS PARA CATRO PARELLAS entre os clientes que participen na XI Ruta de Pinchos.

2ª.- Os clientes dos establecementos hostaleiros poderán participar no sorteo de catro ceas da seguinte forma:

- Selarán a cartilla de votación nun mínimo de cinco establecementos dos participantes na XI Ruta, tendo que ter, polo menos, un selo de cada unha das zonas nas que está distribuída a Ruta (Godello, Mencía e Garnacha).
- Valorarán o mellor pincho, indicando o nome do establecemento que o elaborou.
- Depositarán a cartilla de votación selada en calquera das urnas instaladas nos establecementos, ata o día 22 de xaneiro.

3ª.- As ceas que se sorteian na XI Ruta de Pinchos O Barco vai de viños celebraranse no Hotel Pazo do Castro, no Restaurante Casa Galaica, no Restaurante Fernando III e no Restaurante Piquiño. Ditas ceas son doadas polas empresas colaboradoras Bodegas D'Berna, Distribuciones Roca, Distribuciones Anger Valdeorras e Exclusivas Morales.

4ª.- Os establecementos participantes deberán devolver a urna coas cartillas seladas e depositadas polos participantes na oficina de AEVA (Praza do Concello 2 de O Barco) o luns, día 24 de xaneiro de 2022.

5ª.- O sorteo celebrarase o venres, día 28 de xaneiro, na oficina de AEVA, extraendo catro papeletas que corresponderán ás catro persoas premiadas coas ceas, e outras catro papeletas suplentes, para o caso de que o(os) titular(es) non foran localizados ou renunciaran ao premio. En todas as papeletas extraídas se comprobará que están seladas en cinco establecementos e que cada un dos selos corresponde a cada unha das zonas nas que se distribuíu a Ruta. Comprobarase tamén que a papeleta extraída contén o nome e o teléfono do participante.

6ª.- Os premiados poderán gozar do premio na data que elixan, sendo preciso que confirmen co respectivo restaurante a dispoñibilidade na data elixida. A data límite para gozar da cea será o día 31 de marzo de 2022.

7ª.- Os premiados publicaranse nos medios de comunicación, así coma nas redes sociais e na páxina web de AEVA, do CCA O Barco e no Concello de O Barco.



8ª.- Os agraciados, que serán avisados no teléfono que consta na cartilla de participación e disporán de sete días naturais, dende a data do sorteo, para aceptar o premio. O prazo para a aceptación rematará o día 4 de febreiro de 2022, sendo obrigatorio que presenten unha copia do seu DNI para acreditarse como gañador.

9ª.- A participación no sorteo supón a plena aceptación destas bases, así como a autorización a entidades organizadoras para a utilización dos datos de identificación facilitados polos participantes nos boletos de participación, única e exclusivamente para os fins propios desta campaña. Esta autorización faise extensiva á imaxe dos gañadores para os efectos de publicidade do resultado da campaña. O incumprimento destas bases supón a privación de tódolos dereitos que podan derivar da participación na campaña.

10ª.- A Asociación Empresarial de Valdeorras xestionará os datos persoais facilitados polos participantes nesta campaña con estrito cumprimento de tódolos requisitos exixibles pola Lei orgánica 03/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e Garantía dos Dereitos Dixitais.

Os datos facilitados polos participantes que resulten premiados incorporaranse un ficheiro automatizado, e serán utilizados, única e exclusivamente, para ditos fins previstos nas presentes bases. Non obstante, calquera dos participantes poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición por medio dunha comunicación escrita dirixida a: Asociación Empresarial de Valdeorras, Praza de Concello nº 2, 32 300 de O Barco de Valdeorras. Unha vez transcorridos os prazos legais establecidos, os datos recopiados para o fin serán destruídos.

11ª.- AEVA e o CCA O Barco resérvase o dereito a modificar total ou parcialmente estas bases, así como a suspender o sorteo, sen incorrer en ningún tipo de responsabilidade.

Valdeorras, xaneiro de 2022